



BOLETÍN OUTUBRO 2023

APE GALICIA – NOVAS

- ✓ REUNIÓN DA MESA DO TRABALLO AUTÓNOMO
- ✓ XORNADA FORMATIVA DE RISCOS PSICOSOCIAIS E ACOSO LABORAL
- ✓ XORNADA FORMATIVA DE RISCOS ERGONÓMICOS NO TELETRABALLO
- ✓ PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO
- ✓ XORNADA FORMATIVA DE PRL PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS CON E SEN EMPREGADOS
- ✓ WEBINAR SOBRE CANAL DE DENUNCIAS
- ✓ POSTA EN MARCHA DO CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE ORGANIZACION E XESTIÓN DE ALMACÉNS-COML0209

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ NOVA EDICION DOS BONOS ACTIVA COMERCIO
- ✓ XXIV PREMIO EMPRENDE CORUÑA

APE GALICIA - NOVAS

❖ VI XORNADA CÁTEDRA DE COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS

O 3 de outubro, a Conselleira de Promoción do emprego e igualdade, Elena Rivo, participou na inauguración da VI Xornada Cátedra Cooperativas Agroalimentarias no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela onde tamén estivo invitado o presidente de APE Galicia, Jose Ramón Caldas.



A cátedra foi posta en marcha por cooperativas agro-alimentarias de España e a Universidade de Valencia no 2018 para xerar investigación, reflexión e coñecemento sobre temas xurídicos e económicos relativos a cooperativas así como tamén difundir as súas características.

Duante a xornada tiveron lugar varios relatorios a cargo de expertos na materia e unha mesa redonda acerca da explotación agraria por parte das cooperativas.

A clausura da xornada correu a cargo de Pablo Fernández, Secretario Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

❖ PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

O día 4 de outubro no Centro de Novas Tecnoloxías en Santiago de Compostela tivo lugar a Presentación da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2017.

A conselleira Elena Rivo invitou ao presidente de APE Galicia a este evento.



Este documento busca fomentar un mercado respetuoso, diverso e seguro, segundo asegurou a titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

As liñas mestras deste documento son a saúde integral dos traballadores, o crecemento económico e social das empresas e organizacións e o benestar laboral.

Esta estratexia terá en conta as necesidades dos colectivos vulnerables ante o traballo e o envellecemento e a diversidade xeracional. Está dotada con 55,8 millóns de euros para o seu período de vixencia (2023-2027).

❖ REUNIÓN DA MESA DO TRABALLO AUTÓNOMO

O 5 de outubro tivo lugar unha nova reunión da Mesa do Traballo Autónomo presidida polo

secretario xeral de apoio ao emprego autónomo e economía social e na que APE estuvo representada por Jose Ramón Caldas, presidente da entidade e na que, ademais de analizar a situación do mercado laboral planteouse a posibilidade de que as tres asociacións máis representativas dos autónomos de Galicia apoien, coa súa experiencia, a mentorización de persoas emprendedoras que se están a asesorar cos seus proxectos a través da rede de polos de emprendemento da Xunta.



❖ EN MARCHA AS XORNADAS DE DIXITALIZACION DOS NEGOCIOS NO RURAL

APE Galicia ten previsto celebrar unha serie de xornadas, en colaboración co IGAPE e durante o mes de outubro por todo o territorio da nosa comunidade.

A temática destas xornadas xira en torno ao tema da dixitalización dos negocios en entornos rurais.

O día 10 de outubro abriu o ciclo de xornadas de dixitalización dos negocios nos entornos rurais.

Tivo lugar na Delegación da Xunta en Ferrol e contou coa participación da directora do IGAPE, Covadonga Toca e de Jaime Barreiro que detallou a ferramentas coas que contan hoxe en

día estes negocios que poideran ser útiles atendendo a súa ubicación e o seu tamaño.



As xornadas continuaron a súa andadura coa celebración das edicións en San Cibrao o 24, en Mondoñedo o 25 e en Marín o día 26.



Continuarán en novembro coa edición de Sarria e Valdeorras.

❖ **WEBINAR SOBRE O CANLE DE DENUNCIAS**

O día 20 de outubro APE Galicia organizou para os seus asociados unha WEBINAR que versou sobre a obrigatoriedade do Canal de Denuncias; que desde marzo deste ano é obrigatorio en empresas de 50 ou máis empregados. O prazo para implementar esta ferramenta é ata o 1 de decembro deste ano.

Durante esta xornada abordouse que requisitos deben ter e quen está obrigado a implantalo así como o réxime disciplinario derivado do seu incumprimento.



INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ **NOVA EDICION DO BONOS ACTIVA COMERCIO**

A partir do 9 de outubro, os usuarios que desexen participar no programa Bono activa comercio poderán descargar os seus bonos na web <https://www.bonosactivacomercio.gal/>

Estaba previsto que se poideran utilizar ata o 31 de decembro, como data límite salvo que antes se esgote o crédito. Pero en só 10 días esgotouse o crédito.

❖ **XXIV PREMIO EMPRENDE CORUÑA**

AJE Coruña abre o prazo para presentar solicitudes para o premio EMPRENDE CORUÑA co que se quere recoñecer a labor daquelas persoas que, tras deixar a un lado os temores e as dificultades, e lánzanse a crear unha empresa que xenere riqueza e emprego na provincia da Coruña.

Os premios van dirixidos a empresas e autónomos con razón social na provincia de A Coruña, con data de constitución superior a 6 meses e cun mínimo do 25% do capital social constituído por menores de 41 anos.

❖ **ANUNCIO DA “COTA CERO” PARA OS AUTONOMOS QUE SEXAN ALTA NO 2024**

O 23 de outubro, celebrouse en Vilagarcía de Arousa o encontro ca Mesa do Emprego Autonomo onde o presidente da Xunta de Galicia

anunciou a cota cero para as persoas autónomas que inicien a súa actividade no 2024.

No transcurso da reunión á que acudiron o presidente e a secretaria xeral de APE Galicia, fixose este anuncio co que se pretende permitir ós novos emprendedores liberarse do pago durante todo o primeiro ano de actividade.

OUTRAS NOVAS DE INTERESE

❖ **FORMACION PARA DESEMPREGADOS: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS- COML0309**

O día 30 de outubro deu comenzo, un ano máis, o Curso de Organización e xestión de almacéns encamiñado á obtención do certificado de profesionalidade correspondente.

Ata o mes de marzo, na sede principal de APE Galicia en Pontevedra, en horario de 15:00 a 20:00 horas impartirase este curso dirixido a persoas desempregadas que desexen formarse na organización e control das operacións e fuxos de mercadorías dos almacéns, de acordo cos procedementos establecidos e a normativa vixente e asegurando a calidade e optimización da rede de almacéns e a cadea loxística.

APE FORMACIÓN

❖ XORNADAS FORMATIVAS DE PRL

En outubro arrancaron as Xornadas formativas dentro do Programa de Formación e sensibilización en materia de PRL que APE Galicia ven celebrando desde o mes de setembro. O xoves 5 de outubro arrancaron a segunda edición destas xornadas de sensibilización seguindo a mesma programación que acontecera no mes de setembro.

A primeira destas xornadas levou por título RISCOS PSICOSOCIAIS E ACOSO LABORAL tivo como relator a Pedro Bruzos, do Grupo ISONOR, que amosou como realizar unha correcta avaliación dos factores psicosociais, a importancia de dispoñer dun protocolo de prevención dos tres tipos de acoso: laboral, sexual e por razón de sexo, e as diferenzas e particularidades de cada un.



Ademais, permitiu obter unha visión global da prevención de riscos e incluíronse formas e medidas de actuación en todas as especialidades, sen descoidar as medidas organizativas.

A xornada celebrouse na Sede de APE Galicia en Pontevedra e foi retransmitida por streaming para todas aquelas persoas inscritas na web da entidade.

O día 11 deste mes tivo lugar a xornada Riscos ergonómicos no teletraballo, retransmitido por ZOOM desde a sede de APE Galicia e como sucedera na edición do mes anterior, o relator

Rematamos estas xornadas o día 20 coa charla sobre PRL para persoas traballadoras autónomas con e sen empregados, durante a mesma o relator centrouse no colectivo autónomo e nas súas peculiaridades neste ámbito da prevención diferenciando no caso de que tiveran traballadores ó seu cargo ou non.

A importancia da prevención é ben coñecida pero as persoas traballadoras autónomas teñen algunhas peculiaridades que é preciso coñecer e aplicar.

Tamén esta derradeira xornada celebrouse en streaming desde a Sede de APE Galicia en Pontevedra cunha duración de 1 hora e media e tivo un gran éxito de participación.

❖ CURSOS PRESENCIAIS DE PRIMEROS AUXILIOS E EMERXENCIAS EN OURENSE E LUGO

Os días 3 e 5 de outubro celebrouse en Ourense a terceira edición do Curso presencial de Primeiros Auxilios e Emerxencias, nesta ocasión foi a Confederación de Empresarios de Ourense a que acolleu este curso en horario de 16 a 20 horas.



Os inscritos no curso aprenderon, durante estas dúas xornadas, nocións básicas sobre primeiros auxilios e socorrismo así como a realizar a reanimación cardiovascular e o manexo dun ferido e todas as persoas asistentes participaron dunha forma activa para acadar todos os coñecementos precisos para saber interromper unha hemorraxia, limpar e curar feridas e como actuar ante queimaduras, etc.

Para rematar esta programación de formación e sensibilización en materia de prevención de riscos laborais que APE en colaboración coa Xunta de Galicia, ven desenvolvendo desde o mes de xullo, programouse a derradeira xornada en Lugo no

local de APREVAR, tamén en dúas xornadas os días 17 e 18 de outubro.



❖ CURSOS GRATUÍTOS PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS

MAUDE STUDIO mantén abertas as inscricións para reservar praza nos seus cursos gratuítos para persoas traballadoras autónomas de calquera sector: Desde Comercio electrónico, inglés empresarial, ofimática e moitos máis.

Serán impartidos en modalidade ONLINE para que o horario non sexa un problema na formación.

CURSOS GRATUITOS PARA AUTÓNOMOS

- CREACIÓN DE BLOGS Y REDES SOCIALES
- CREACIÓN, PROGRAMACIÓN Y DISEÑO DE PÁGINAS WEB
- GESTIÓN DE COMPRAS INFORMATIZADA
- ESTRATEGIA Y COMUNICACIÓN EMPRESARIAL
- INGLÉS EMPRESARIAL
- OFIMÁTICA
- Y muchos más...

Dirigido a:
Autónomos de cualquier actividad

MODALIDAD ONLINE
100% GRATUITO
100% SUBVENCIONADO

Infórmate
984 160 003
msueiro@tuett.com

Logos: APE, MAUDE STUDIO, European Union, Galicia, etc.

Do mesmo modo, MAUDE STUDIO ten en marcha CURSOS GRATUITOS dirixidos a PROFESIONAIS DE DISTINTOS SECTORES:

CURSOS GRATUITOS
SECTOR COMERCIO

ATENCIÓN AL CLIENTE Y CALIDAD DEL SERVICIO
COMPETENCIAS DIGITALES BÁSICAS Y AVANZADAS
CREA TU TIENDA ON-LINE CON PRESTASHOP
DISEÑO DEL MONTAJE DE ESCAPARATES
MARKETING ON LINE: DISEÑO Y PROMOCIÓN DE SITIOS WEB
PERSONAL SHOPPER EN COMERCIO
Y muchos más...

Dirigido a:
Autónomos y trabajadores del sector

MODALIDAD ONLINE
100% GRATUITO
100% SUBVENCIÓNADO

Infórmate
☎ 986 160 003
✉ msueiro@tueff.com

Financiado por la Unión Europea
FEDER
TR
A
L
L

CURSOS GRATUITOS
SECTOR ENERGÍA

ATENCIÓN AL CLIENTE Y CALIDAD DEL SERVICIO
ATENCIÓN AL CLIENTE Y VENTA EN ESTACIONES DE SERVICIO
TÉCNICAS DE VENTAS EN ESTACIONES DE SERVICIO
ORGANIZACIÓN DE ESTACIONES DE SERVICIO
COORDINACIÓN Y GESTIÓN DE ESTACIONES DE SERVICIO
Y muchos más...

Dirigido a:
Autónomos y trabajadores del sector

MODALIDAD ONLINE
100% GRATUITO
100% SUBVENCIÓNADO

Infórmate
☎ 986 160 003
✉ msueiro@tueff.com

Financiado por la Unión Europea
FEDER
TR
A
L
L

Para ampliar esta información o teléfono disponible é o 986 160 003.

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra



